

REGULAMENTO DE PREMIOS EXTRAORDINARIOS DE GRAO

Aprobado por Consello de Goberno do 17 de decembro de 2020

Artigo 1. Obxecto e ámbito de aplicación

Este regulamento ten por obxecto regular o procedemento para a concesión anual de premios extraordinarios, en ensinanzas universitarias conducentes á obtención de títulos de grao universitario impartidos pola Universidade da Coruña (UDC).

Artigo 2. Procedemento

2.1. Os premios extraordinarios de grao serán concedidos polo Consello de Goberno por proposta da vicerreitoría con competencias en xestión académica.

2.2. O expediente de concesión de premios extraordinarios de grao, correspondente a cada curso académico, iniciarase mediante resolución reitoral, que se ditará ao longo do primeiro cuadrimestre do curso seguinte ao que correspondan os premios a conceder.

2.3. Os premios extraordinarios concederanse por titulacións entre o alumnado matriculado na UDC e que rematase os seus estudos nesta universidade, na primeira ou segunda oportunidade do correspondente curso académico. O número máximo de premios extraordinarios a conceder, por titulación e curso académico, será un por cada setenta e cinco alumnos/as ou fracción que rematasen os seus estudos no devandito curso.

A estes efectos, sinálase que queda excluído o alumnado de grao que rematase os seus estudos mediante a superación dun curso de adaptación para titulados.

2.4. A valoración dos expedientes académicos para propoñer a concesión de premios extraordinarios será realizada pola vicerreitoría con competencias en xestión académica, de acordo coa normativa vixente.

Artigo 3. Requisitos

3.1. Para optar ao premio extraordinario será necesario ter, como mínimo, unha nota media de notable no expediente académico. Concederase aos alumnos con mellor expediente nun número non superior nin inferior ao que corresponda por titulación de acordo co indicado no apartado 2.3 do artigo 2 deste regulamento.

En caso de empate, o premio outorgarase aos estudantes con Matrícula de Honra no Traballo de fin de Grao. Se persistise o empate, a vicerreitoría con competencias en xestión académica solicitaralle á comisión académica delegada da Xunta da Facultade ou Escola correspondente, que o dirima, tendo en conta criterios académicos adicionais.

3.2. A concesión de premio extraordinario, ademais de figurar no diploma acreditativo que expida a Universidade, farase constar fidedignamente no expediente do alumnado e naqueles documentos oficiais, nas condicións que a normativa vixente prevea.

Así mesmo, a concesión do premio extraordinario dará dereito á exención dos prezos públicos pola expedición do título de grao e á dotación económica que, no seu caso, establezan as bases.

Disposición derogatoria

Quedan derogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan á presente normativa.

Disposición Final

1. Facúltase á persoa titular da vicerreitoría con competencias en xestión académica para interpretar e desenvolver esta normativa.

2. A presente norma entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no Taboleiro Electrónico Oficial da UDC, segundo o previsto na Disposición adicional segunda da Lei do Sistema Universitario de Galicia.